

O PSdeG esixe no Parlamento que Turgalicia rectifique e corrixa a "discriminación" da Ribeira Sacra

Os deputados autonómicos de Lugo rexistran unha interpelación, preguntas e unha proposición non de lei para que a Xunta inclúa na campaña ViveGalicia a comarca lucense "nas mesmas condicións" que o resto de destinos galegos

Os deputados autonómicos do PSdeG-PSOE por Lugo veñen de rexistrar no Parlamento unha interpelación, pregunta oral e escrita e proposicións non de lei para que Turgalicia, organismo autónomo dependente directamente da Xunta, rectifique e corrixa a "discriminación" e a "sorprendente exclusión" da Ribeira Sacra e a súa capital, Monforte, na súa última campaña Vivegalicia, unha acción turística para promocionar as comarcas e cidades galegas. "Esa sorprendente exclusión ignora as potencialidades monumentais e paisaxísticas dun espazo singular pola súa orografía, arquitectura e tradicións, sen semellanza no resto de Galicia. Ata o momento a Xunta non ofreceu ningunha explicación sobre unha medida lesiva para os intereses dos comerciantes, emprendedores e veciños dun amplo espazo definido e con oferta e infraestruturas dabondo", afirma o deputado monfortino Vicente Docasar.

O PSdeG preguntará no Parlamento por que a Xunta eliminou a promoción da Ribeira Sacra dnoa campaña turística de promoción ViveGalicia e se é "consciente da discriminación que significa para os intereses económicos da comarca de Monforte de Lemos" e doutros 20 concellos. "Non teñen os mesmos dereitos que outros destinos de Galicia?", preguntarán na Cámara os socialistas, que reclaman saber que medidas serán adoptadas para corrixir esa Discriminación e se esta estratexia "forma parte dunha campaña de abandono logo das restricións que se anuncian sobre o Parador de Turismo de Monforte de Lemos". Tamén se refiren directamente ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e queren saber "que instrucións dá aos seus subordinados", tendo en conta que del dependen directamente Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral e a empresa Turgalicia.

Por outra banda, as proposicións non de lei dos socialistas reclaman "corrixir de inmediato a oferta da campaña ViveGalicia", integrando o xeodestino Ribeira Sacra "nas mesmas condicións" que os demais xeodestinos ofertados e "desenvolver cos operadores turísticos da comarca e cos concellos unha campaña específica de promoción e desenvolvemento turístico, baseada na excelencia". Tamén fai referencia ao problema do parador, e solicita "acordar coa empresa Paradores de España a plena continuidade da oferta hoteleira do Parador de Monforte de Lemos e a continuidade do seu cadro de persoal, como elemento diferenciador e base dun segmento da oferta".

Lugo, 21 de decembro de 2012

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo
psoeprovinciallugo@gmail.com